

Resolución do 13 de xaneiro de 2021, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, nos ámbitos de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra pola que se aproba e se fai pública a lista provisional de contratación, se propón ó Director Xerente a lista de contratación, se crea a lista de agarda, e se abre o período de reclamacións.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, nos ámbitos de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Incidencias proba teórica.

A Comisión de Selección acorda anular a pregunta nº 5 da proba teórica (exame tipo test) correspondente á categoría de Capataz, celebrada en Santiago de Compostela o pasado 22 de decembro de 2020, pasando polo tanto a puntuar a primeira pregunta de reserva.

Segundo.- Aprobar e facer pública a lista provisional de contratación.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.5 e nas bases específicas II apartado 2.7 que rexen o proceso, acordou aprobar e facer pública a lista provisional de contratación de candidatos por duplicado exemplar, un exemplar no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais e puntuación, e outro exemplar no que os candidatos figuran por orde ascendente do D.N.I, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais e puntuación.

Terceiro.- Lista de contratación.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.5 e nas bases específicas II apartado 2.7 das que rexen o proceso, proponse ó Director-Xerente a lista de contratación.

Cuarto.- Lista de agarda.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.3 e nas bases específicas II apartado 4, das que rexen o proceso, os candidatos que, superado o proceso selectivo, non fosen contratados, pasarán a formar parte da lista de agarda que se configura cos candidatos non contratados. Dita lista figura publicada coa presente resolución por duplicado exemplar, un exemplar no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., , ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais e puntuación, e outro exemplar no que os candidatos figuran por orde ascendente do D.N.I, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais e puntuación.

Quinto.- Reclamacións.

De conformidade co establecido nas bases específicas II apartado 2.8 das que rexen o proceso, os candidatos disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, para efectuar reclamacións ante o Director-Xerente de SEAGA.

As resolucións do Director-Xerente serán motivadas, se ben a estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución do Director-Xerente pola que se aproben e se fagan públicas a relación de candidatos e a lista de contratación.

De non haber reclamacións, a relación de candidatos e a lista de contratación enténdense aprobadas definitivamente.

O prazo de presentación de reclamacións remata o **20 de xaneiro de 2021.**

As reclamacións poderán ser presentadas:

- Nas oficinas de rexistro de SEAGA sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña, de luns a xoves, en horario de 09:00h a 14:00h e de 15:30h a 17:30h. e os venres en horario de 09:00h a 14:00 horas.
- Nas seguintes oficinas de SEAGA, de luns a venres, en horario de 09:00h a 14:00 horas:
 - Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
 - Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
 - Lg. Cabanas – Salcedo, 54. 36143 Pontevedra.
 - Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo

Ás oficinas de SEAGA será preciso acudir con cita previa que se poderá solicitar a través dos seguintes teléfonos:

Santiago de Compostela: 981.546.127

A Coruña: 881.881.301

Lugo: 982.889.057

Ourense: 988.386.893

Pontevedra: 986.803.938

-Nas Oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día da súa presentación, remitir ao mail: seleccion@epseaga.com, acreditación de dita presentación que comprenda tanto o resguardo acreditativo do envío que se entrega ó cliente por parte do Organismo Estatal de Correos como a copia da documentación remitida).

As reclamacións que se poidan achegar e/ou efectuar, unha vez rematado o prazo correspondente segundo o disposto nas presentes bases consideraranse, a tódolos efectos, como fóra de prazo, e non serán tidas en consideración no proceso.

A presentación de reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, a 13 de xaneiro de 2021.

A Presidenta da Comisión de Selección.



Asdo. M^a Jesús Cobas Ríos